

Compostela, 12-xii-72

Benqueiro Luís:

Onte chegounos, coma un paxaro latexante que vira de cruzar o Atlántico, o teu "A maior abundamento". Estivémolo lendo pola noite. Hai dous poemas que me gustaron especialmente, "O home que marcha" e máis "Verdadeiros sucedidos nun Nadal". Certamente gustáronme todos, mas eses dous impresionáronme fundamentalmente. Desde logo tamén ten forza sarcástica o poema satírico "Terceiros, Alcaixotes", primeira parte de "Outros cantos os emigrantes".

Moitas grazas por este libriciño tan xentil, portador dun vibrante mensaxe poético e plástico. Graziñas tamén pola xentil adicación.

Dixéronnos que viresdes a Galicia no xaneiro. Alegramos moito.

Que teñades un feliz Nadal.

Apertas nosas para os dous

Label

Ramón